



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13 DE AGOSTO DE 2015

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente en funcións:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

#### **Concelleiras e concelleiros presentes:**

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Dona Lorena Couso Dopazo.

#### **Concelleiras e concelleiros ausentes:**

Don Andrés Sanmarco Santos.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día trece de agosto de dous mil quince, baixo a Presidencia do señor Alcalde en funcións don José Ramón Pardo Andrade reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### **1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "CAMIÑO A GUIMARÁNS (CARCACÍA) E OUTRO", EPXTE. 09/2015-OB-PNSP, INCLUÍDA NO POS 2015.**

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 11 de agosto de 2015:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde en funcións do 10 de agosto de 2015 incóase o expediente de contratación da obra "Camiño a Guimaráns (Carcacia) e outro", o número 09/2015-OB-PNSP, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria e ordénase incorporar ao mesmo o certificado de existencia de crédito por importe de 42.031,06 €, IVE incluído, emitido pola interventora municipal o 20 de abril de 2015, e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 103 do 1 de xuño do 2012, que rexerán a contratación, dado que a obra finánciase con cargo ao Plan provincial POS 2015.

Segundo. Ese mesmo día incorpóranse o certificado de existencia de crédito e o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e emítese o informe da secretaria municipal e o 11 de agosto o informe

do interventor accidental.

### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. De acordo ao establecido no artigo 109 e 121 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), constan no expediente de contratación:

- Proxecto técnico aprobado.
- Acta de implantación do proxecto.
- Resolución de incoación do expediente de contratación
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.
- O informe de secretaría.
- O informe de fiscalización da interventora.

Segundo. O artigo 110 do TRLCSP establece que *"completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprobe este e dispoña a apertura do procedemento de adjudicación"* e que esta resolución *"implicará tamén a aprobación do gasto"*.

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 09/2015-OB-PNSP tramitado para a adjudicación da obra "Camión a Guimaráns (Carcacía) e outro" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: trinta e catro mil setecentos trinta e seis euros con corenta e un céntimos (34.736,41 €).
- b) IVE (21%): sete mil douscentos noventa e catro euros con sesenta e cinco céntimos (7.294,65 €).
- c) Importe con IVE: corenta e dous mil trinta e un euros con seis céntimos (42.031,06 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foron elaboradas seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante o procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicados no Boletín Oficial da Provincia número 103 do 1 de xuño do 2012, ao que se ten engadido os Anexos V e VI, así como a incorporación do Anexo VII no que se describe o procedemento para levar a cabo a negociación cos licitadores dos criterios previstos no prego de cláusulas co contido proposto no apartado quinto do informe da secretaría municipal do 10 de agosto de 2015.

**Cuarto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e remitir invitación ás seguintes empresas para que presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

contados desde a recepción da invitación:

- EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.
- CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

**Quinto.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente en funcións sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 09/2015-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Camíño a Guimaráns (Carcacia) e outro" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- d) Importe sen IVE: trinta e catro mil setecentos trinta e seis euros con corenta e un céntimos (34.736,41 €).
- e) IVE (21%): sete mil douscentos noventa e catro euros con sesenta e cinco céntimos (7.294,65 €).
- f) Importe con IVE: corenta e dous mil trinta e un euros con seis céntimos (42.031,06 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foron elaboradas seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante o procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicados no Boletín Oficial da Provincia número 103 do 1 de xuño do 2012, ao que se ten engadido os Anexos V e VI, así como a incorporación do Anexo VII no que se describe o procedemento para levar a cabo a negociación cos licitadores dos criterios previstos no prego de cláusulas co contido proposto no apartado quinto do informe da secretaria municipal do 10 de agosto de 2015.

**Cuarto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e remitir invitación ás seguintes empresas para que presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a recepción da invitación:

- EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.
- CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL.

**Quinto.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.

**2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "ACCESO A VISTA ALEGRE (PADRÓN) E OUTRO", EXPTE. 10/2015-OB-PNSP, INCLUÍDA NO POS 2015.**

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 11 de agosto de 2015:

**<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Providencia do señor Alcalde en funcións do 10 de agosto de 2015 incóase o expediente de contratación da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro", o número 10/2015-OB-PNSP, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, solicítase á interventora municipal certificado da existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa por importe 39.445,88 €, IVE incluído, e ordénase incorporar ao mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicadas no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 103 do 1 de xuño do 2012, que rexerán a contratación, dado que a obra finánciase con cargo ao Plan provincial POS 2015.

Segundo. Ese mesmo día emítese o certificado da intervención municipal, incorpórase o prego de cláusulas administrativas debidamente cuberto e emítese o informe da secretaria municipal. O 11 de agosto emítese o de fiscalización do interventor accidental.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. De acordo ao establecido no artigo 109 e 121 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), constan no expediente de contratación:


- Proxecto técnico aprobado.
- Acta de implantación do proxecto.
- Resolución de incoación do expediente de contratación
- Acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente.
- O prego de cláusulas administrativas particulares.
- O informe de secretaria.
- O informe de fiscalización do interventor accidental.

Segundo. O artigo 110 do TRLCSP establece que "*completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará unha resolución motivada en que aprobe este e dispoña a apertura do procedemento de adxudicación*" e que esta resolución "*implicará tamén a aprobación do gasto*".

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 10/2015-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- a) Importe sen IVE: trinta e dous mil cincocentos noventa e nove euros con noventa céntimos (32.599,90 €).
- b) IVE (21%): seis mil oitocentos corenta e cinco euros con noventa e oito céntimos (6.845,98 €).
- c) Importe con IVE: trinta e nove mil catrocentos corenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (39.445,88 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foron elaboradas seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante o procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicados no Boletín Oficial da Provincia número 103 do 1 de xuño do 2012, ao que se ten engadido os Anexos V e VI, así como a incorporación do Anexo VII no que se describe o procedemento para levar a cabo a negociación cos licitadores dos criterios previstos no prego de cláusulas co contido proposto no apartado quinto do informe da secretaria municipal do 10 de agosto de 2015.

**Cuarto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e remitir invitación ás seguintes empresas para que presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a recepción da invitación:

- NEMESIO ORDOÑEZ, SA.
- TARRIO Y SUÁREZ, SL.
- EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.

**Quinto.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente en funcións sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar o expediente de contratación número 10/2015-OB-PNSP tramitado para a adxudicación da obra "Acceso a Vista Alegre (Padrón) e outro" por procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria.

**Segundo.** Autorizar o gasto por un importe total de,

- d) Importe sen IVE: trinta e dous mil cincocentos noventa e nove euros con noventa céntimos (32.599,90 €).
- e) IVE (21%): seis mil oitocentos corenta e cinco euros con noventa e oito céntimos (6.845,98 €).
- f) Importe con IVE: trinta e nove mil catrocentos corenta e cinco euros con oitenta e oito céntimos (39.445,88 €).

**Terceiro.** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e que foron elaboradas seguindo o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante o

procedemento negociado aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicados no Boletín Oficial da Provincia número 103 do 1 de xuño do 2012, ao que se ten engadido os Anexos V e VI, así como a incorporación do Anexo VII no que se describe o procedemento para levar a cabo a negociación cos licitadores dos criterios previstos no prego de cláusulas co contido proposto no apartado quinto do informe da secretaria municipal do 10 de agosto de 2015.

**Cuarto.** Ordenar a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade, de acordo ao prego de cláusulas administrativas particulares, e remitir invitación ás seguintes empresas para que presenten oferta de acordo ao disposto no devandito prego, no prazo máximo de oito (8) días naturais contados desde a recepción da invitación:

- NEMESIO ORDOÑEZ, SA.
- TARRIO Y SUÁREZ, SL.
- EXCAVACIONES Y OBRAS PÚBLICAS GALICIA, SL.

**Quinto.** Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.

### **3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DA FEIRA EN PADRÓN (A CORUÑA), EXPTE. 07/2015-OB-CM.**

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 11 de agosto de 2015:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de xullo de 2015 aprobouse o expediente de contratación número 07/2015-OB-CM tramitado para a adxudicación da obra "Pavimentación travesía da Feira en Padrón (A Coruña)" mediante contrato menor e autorizouse o gasto por un importe total de 37.854,73 €.

Segundo. No mesmo acordo aprobouse invitar ás seguintes empresas para que presentasen oferta para a execución desta obra no prazo máximo de cinco (5) días naturais contados desde a recepción da invitación:

- EXCAVACIONES OVIDIO, SL.
- TARRIO Y SUÁREZ, SL.
- NEMESIO ORDOÑEZ, SA.

Terceiro. O 4 de agosto remítense as correspondentes invitacións e os días 5 e 10 de agosto as 3 empresas presentan, todas elas en prazo, a súa oferta coa documentación á que se refire o apartado segundo daquel acordo da Xunta de Goberno Local e co seguinte resultado:

Empresa invitada	Oferta económica presentada		
	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
EXCAVACIONES OVIDIO, SL.	31.243,58 €	6.561,15 €	37.804,73 €
TARRIO Y SUÁREZ, SL.	31.284,90 €	6.569,83 €	37.854,73 €



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

NEMESIO ORDÓÑEZ, SA.	30.743,80 €	6.456,20 €	37.200,00 €
----------------------	-------------	------------	-------------

### Fundamentos de dereito.

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 13.4 da Orde do 22 de decembro do 2014 pola que se convoca a subvención que financia esta obra, en coherencia co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 9.c) e 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é preciso solicitar e obter un mínimo de 3 ofertas, debendo recaer, con carácter xeral, na proposta económica máis vantaxosa.

Segundo. Considerando que das 3 ofertas presentadas a de NEMESIO ORDÓÑEZ, SA, é máis económica, e

Terceiro. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de todas as anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior aos catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

### Propoño á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.** Adxudicar o contrato menor de execución da obra "Pavimentación travesía da Feira en Padrón (A Coruña)", expte. 07/2015-OB-CM, a NEMESIO ORDÓÑEZ, SA, con código de identificación fiscal A-15.146.608, por un prezo de:

- Prezo sen IVE: trinta mil setecentos corenta e tres euros con oitenta céntimos (30.743,80 €).
- IVE (21%): seis mil catrocentos cincuenta e seis euros con vinte céntimos (6.456,20 €).
- Prezo con IVE: trinta e sete mil douscentos euros (37.200,00 €).

### Segundo.

 Requerir ao adxudicatario para que:

- No prazo máximo de 5 días hábiles, contados desde a notificación da adxudicación, deberá presentar os certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Padrón, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado e coa Seguridade Social. No suposto de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña e constaran nel os datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias coas tres administracións e da Seguridade Social con indicación da data da súa vixencia, poderá presentar no mesmo prazo, en substitución dos certificados, un escrito onde faga constar o número de inscrición e unha declaración responsable asinada polo adxudicatario, ou persoa que o represente, na cal manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

De non presentarse en prazo esta documentación a adxudicación quedará sen efecto.

- No mesmo prazo de 5 días hábiles, contados desde a notificación da adxudicación, deberá presentar o plan de seguridade e saúde e o plan de xestión de residuos.
- Prazo para a comprobación da implantación do proxecto e levantar a correspondente acta: 10 días naturais, contados desde a notificación da resolución de adxudicación.
- Prazo de execución: 1 mes, contados desde a Acta de comprobación implantación do proxecto. En todo caso as obras deberán estar rematadas antes do 30 de setembro do 2015 e, en consecuencia, antes desta data deberá ter presentado a correspondente certificación de obra seguindo o modelo

rural de Galicia (LOUG) en canto á posibilidade de outorgar prórroga dos prazos establecidos para o inicio e conclusión das obras se a solicitude é formulada antes do transcurso do prazo inicialmente establecido e sempre que as obras sexan conformes coa ordenación urbanística no momento da concesión da mesma.

**Segundo.** En base ao disposto no informe do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 10 de agosto de 2015, e os argumentos neste recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Terceiro.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Conceder á Comunidade de Propietarios Edificio Bustelo 28 prórroga da licenza municipal de obras de reparación de guarnicións e travesos estropeados en galería, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 26 de marzo de 2015, expediente 180/2014/LU, con expreso sometemento ao condicionado xeral e particular, no seu caso, da licenza outorgada.

A prórroga concédese por un novo prazo de (3) meses para o inicio das obras dende a notificación da concesión da prórroga e seis (6) meses para a súa finalización dende o inicio das obras Non se poderán outorgar novas prórrogas para as obras solicitadas.

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente en funcións sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Conceder á Comunidade de Propietarios Edificio Bustelo 28 prórroga da licenza municipal de obras de reparación de guarnicións e travesos estropeados en galería, outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 26 de marzo de 2015, expediente 180/2014/LU, con expreso sometemento ao condicionado xeral e particular, no seu caso, da licenza outorgada.

A prórroga concédese por un novo prazo de (3) meses para o inicio das obras dende a notificación da concesión da prórroga e seis (6) meses para a súa finalización dende o inicio das obras Non se poderán outorgar novas prórrogas para as obras solicitadas.

**Segundo.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

#### **5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COCIÑA NO INTERIOR DE NAVE INDUSTRIAL SITA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE PICUSA,**





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## VIAL F, NAVE A, FORMULADA POR A PEMENTEIRA S.A.T., EXPEDIENTE 35/2015/LU

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 11 de agosto de 2015:

### <<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

**Primeiro.** En data 16 de marzo de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2081, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de acondicionamento de local para cociña no interior de nave sita no Polígono Industrial de PICUSA, vial F, nave A, formulada por D<sup>a</sup> Milagros González Refojo en calidade de representante da mercantil S.A.T. "A PEMENTEIRA". Achégase coa comunicación previa fotografías, orzamento das obras, acta fundacional da Sociedade Agraria de Transformación "A Pementeira" aos efectos de acreditación da representación e estatutos da mesma.

**Segundo.** En data 26 de marzo de 2015 os servizos técnicos municipais emiten disconformidade coa comunicación previa presentada por non se tratar dunha obra sometida ao réxime de comunicación previa, requirindo así mesmo a presentación dun proxecto técnico completo, oficios de dirección de obra e de execución de obra e copia da licenza de actividade do local. O requirimento ten saída do Concello en data 30 de marzo de 2015.

**Terceiro.** En data 13 de maio de 2015 ten entrada no Concello solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de local para cociña no interior de nave sita no Polígono Industrial de PICUSA, vial F, nave A, formulada por D<sup>a</sup> Milagros González Refojo en calidade de representante da mercantil S.A.T. "A PEMENTEIRA". Achégase así mesmo coa solicitude "Proyecto de construcción de cocina en nave industrial para elaboración de pimientos en Polígono Industrial PICUSA, O Couto, Padrón", redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez e visado polo colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos da Coruña con número de visado CO-20150310, así coma copia da licenza de actividade do local.

**Cuarto.** En data 23 de xullo de 2015 emítese novo requirimento de documentación adicional necesaria para a tramitación da solicitude.

**Quinto.** En data 24 de xullo de 2015 o solicitante achega a documentación adicional requirida

**Sexto.** En data 30 de xullo de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas.

**Terceiro.** En data 10 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como maior e a necesidade de aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente.

**Segundo.** Artigo 194.2 da LOUG en canto á tramitación coma licenza municipal das obras que requiran a presentación dun proxecto técnico redactado por técnico competente.

**Terceiro.** En base ao disposto nos informes do arquitecto técnico do 30 de xullo de 2015 e o do Asesor Xurídico en Materia de Urbanismo do 10 de agosto de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Cuarto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.** Outorgar a outorgar a S.A.T. "A PEMENTEIRA", actuando baixo a representación de D<sup>a</sup> Milagros González Refojo, licenza municipal de obras de acondicionamento de local para cociña no interior de nave sita no Polígono Industrial de PICUSA, vial F, nave 2A, referencia catastral 15066A066001590001XJ, conforme o "Proyecto de construcción de cocina en nave industrial para elaboración de pimientos en Polígono Industrial PICUSA, O Couto, Padrón", redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez e visado polo colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos da Coruña con número de visado CO-20150310, expediente 35/2015/LU.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO industrial (IU), solo urbano conforme a LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento interior de nave industrial para instalación de cociña
- c) Altura: a existente, 7,00 metros a cornixa
- d) Volume: o existente
- e) Ocupación da parcela: mantense a existente.
- f) Contía na que se orzan as obras: 6.949,02 euros. (sen IVE)
- g) Situación e emprazamento das obras: polígono de PICUSA, A Matanza, na vía F, nave 2A, Padrón.
- h) Nome ou razón social do promotor: SOCIEDADE AGRARIA DE TRANSFORMACIÓN A PEMENTEIRA.
- i) Técnico autor do proxecto: D. Juan Manuel Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola.
- j) Técnico director das obras: D. Juan Manuel Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola.
- k) Coordinadora de seguridade e saúde: non procede.
- l) empresa contratista: Construcciones Juan B. Carril S.L.
- m) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente en funcións sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Outorgar a outorgar a S.A.T. "A PEMENTEIRA", actuando baixo a representación de D<sup>a</sup> Milagros González Refojo, licenza municipal de obras de acondicionamento de local para cociña no interior de nave sita no Polígono Industrial de PICUSA, vial F, nave 2A, referencia catastral 15066A066001590001XJ, conforme o "Proyecto de construción de cocina en nave industrial para elaboración de pimentos en Polígono Industrial PICUSA, O Couto, Padrón", redactado e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Juan Manuel Hermida Vázquez e visado polo colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos da Coruña con número de visado CO-20150310, expediente 35/2015/LU.

- a) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- b) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO industrial (IU), solo urbano conforme a LOUG.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: acondicionamento interior de nave industrial para instalación de cociña
- c) Altura: a existente, 7,00 metros a cornixa
- d) Volume: o existente
- e) Ocupación da parcela: mantense a existente.
- f) Contía na que se orzan as obras: 6.949,02 euros. (sen IVE)
- g) Situación e emprazamento das obras: polígono de PICUSA, A Matanza, na vía F, nave 2A, Padrón.
- h) Nome ou razón social do promotor: SOCIEDADE AGRARIA DE TRANSFORMACIÓN A PEMENTEIRA.

i) Técnico autor do proxecto: D. Juan Manuel Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola.

j) Técnico director das obras: D. Juan Manuel Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola.

k) Coordinadora de seguridade e saúde: non procede.

l) empresa contratista: Construcciones Juan B. Carril S.L.

m) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE RENOVACIÓN DE TELLA EN CUBERTA DE INMOBLE SITO NA RÚA REAL Nº 26, FORMULADA POR D. GERARDO BEIRÓ MAGARIÑOS EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BUSTELO Nº 26, EXPEDIENTE 83/2015/LU**

Por parte do señor Alcalde en funcións dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 11 de agosto de 2015:

#### **<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.**

**Primeiro.** En data 1 de xuño de 2015 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4622, solicitude de licenza municipal de obras de renovación de tella existente en cuberta e telladillo inferior de inmovible sito na rúa Real nº 26, formulada por D. Gerardo Beiró Magariños en representación da Comunidade de Propietarios Edificio Bustelo nº 26. Achégase coa solicitude orzamento, fotografías da zona do inmovible obxecto de actuación e certificado da secretaria da Comunidade de Propietarios do acordo nombrando ao asinante da solicitude presidente da Comunidade.

**Segundo.** En data 23 de xuño de 2015 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas, referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

**Terceiro.** En data 24 de xuño de 2015 remítese oficio ao Departamento territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Coruña, sección de patrimonio, aos efectos de recabar a pertinente autorización sectorial.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Cuarto.** En data 5 de agosto de 2015 ten entrada no Concello resolución de data 30 de xullo de 2015 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que autoriza as obras solicitadas.

**Quinto.** En data 10 de agosto de 2015 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa favorablemente as obras solicitadas.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Artigo 195.3 da LOUG en canto á consideración da obra como menor.

**Segundo.** Disposición transitoria primeira da LOUG en canto á aplicabilidade do disposto na mesma para o solo urbano consolidado, no caso de solo calificado coma urbano polo planeamento municipal cando éste non se atopa adaptado á LOUG.

**Terceiro.** Ordenanza de Solo Urbano Residencial en Nucleo Antigo (URNA) do vixente PXOM do Concello de Padrón en canto á calificación urbanística do inmovible, usos autorizables e condicionantes urbanísticos. Mesma ordenanza e artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, en canto á necesidade de contar con autorización sectorial en materia patrimonial.

Neste senso, resolución de data 30 de xullo de 2015 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, que autoriza as obras solicitadas.

**Cuarto.** En base ao disposto no informe técnico municipal de data 23 de xuño de 2015 e o do asesor xurídico en Materia de Urbanismo do 10 de agosto de 2015, e os argumentos nestes recollidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

**Quinto.** Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas de obras tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

## PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

**Primeiro.** Outorgar á Comunidade de Propietarios edificio Bustelo nº 26 licenza municipal de obras para renovación de tella existente en cuberta e telladillo inferior de inmovible sito na rúa Real nº 26, con referencia catastral 7919403NH2372S expediente 83/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: retellado de cuberta de inmovible residencial

c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

d) Contía na que se orzan as obras: 11.327,00 euros. (sen IVE)

e) Situación e emprazamento das obras: rúa Real nº 26, Padrón.

f) Nome ou razón social do promotor: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BUSTELO Nº 26

g) Técnico autor do proxecto: non procede.

h) Técnico director das obras: non procede.

i) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

**Sétimo.** Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente en funcións sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Outorgar á Comunidade de Propietarios edificio Bustelo nº 26 licenza municipal de obras para renovación de tella existente en cuberta e telladillo inferior de inmovible sito na rúa Real nº 26, con referencia catastral 7919403NH2372S expediente 83/2015/LU, conforme os orzamentos e a documentación achegada.

**Segundo.** En base ó establecido no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG), fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

j) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Residencial en Núcleo Antigo (URNA), dentro do ámbito territorial do PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PADRÓN (P.E. 1) e dentro do ámbito do Ben de Interese Cultural composto polo entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia, o cemiterio de Adina e o Xardín Botánico da Vila.

k) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: retellado de cuberta de inmovible residencial

l) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.

m) Contía na que se orzan as obras: 11.327,00 euros. (sen IVE)

n) Situación e emprazamento das obras: rúa Real nº 26, Padrón.

o) Nome ou razón social do promotor: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO BUSTELO Nº 26

p) Técnico autor do proxecto: non procede.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

q) Técnico director das obras: non procede.

r) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse no prazo de tres (3) meses dende a notificación do acto administrativo polo que se outorgue a licenza e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende o inicio das obras. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 197 da LOUG.

**Terceiro.** A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Cuarto.** No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

**Quinto.** Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

**Sexto.** Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais,

